

## Facultade de Ciencias da Comunicación

### Plan Estratéxico 2024-2026



<i>Fase</i>	<i>Unidade/Órgano</i>	<i>Data</i>
<i>Elaborado por</i>	<i>Grupo de traballo para a elaboración do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias da Comunicación</i>	<i>17/01/2024</i>
<i>Aprobado por</i>	<i>Xunta da Facultade de Ciencias da comunicación</i>	<i>22/11/2024</i>
<i>Aprobado por</i>	<i>Comisión de Calidade e Planificación delegada de Consello de Goberno</i>	<i>29/11/2024</i>

Índice:

1. Introducción.....	4
2. Historia.....	11
2.1. Orixe.....	11
2.2. Catálogo actual de titulacións.....	12
2.2.1. Graos.....	12
2.2.2. Mestrados.....	12
2.2.3. Programas de doutoramento.....	12
2.3. Grupos de investigación actuais.....	13
2.3.1. CIDACOM. Cidadanía e Comunicación – GI1927.....	13
2.3.2. Estudos Audiovisuais. Comunicación Audiovisual: Contidos, formatos e Tecnoloxía-GI1786.....	13
2.3.3. Novos Medios. Tendencias, cibermedios, impresos-GI1641.....	13
2.4. Sistema de Garantía de Calidade.....	14
3. Misión, Visión, Valores.....	16
3.1. Misión.....	16
3.2. Visión.....	17
3.3. Valores.....	18
4. Liñas estratéxicas.....	19
4.1. Introducción ás liñas estratéxicas 1 e 2.....	19
4.2. Liñas estratéxicas 1 e 2.....	20
4.2.1. Xustificación das liñas estratéxicas 1 e 2.....	20
4.3. Liña estratéxica 3.....	20
4.3.1. Xustificación da liña estratéxica 3.....	20
4.4. Liña estratéxica 4.....	21
4.4.1. Xustificación da liña estratéxica 4.....	21
5. Diagnose estratéxica.....	24
5.1. Introducción á diagnose estratéxica.....	24
5.2. Liñas estratéxicas 1 e 2.....	25
5.2.1. Análise DAFO.....	26
5.2.2. Análise CAME.....	27
5.3. Liña estratéxica 3.....	27
5.3.1. Análise DAFO.....	28
5.3.2. Análise CAME.....	30
5.4. Liña estratéxica 4.....	31
5.4.1. Análise DAFO.....	31
5.4.2. Análise CAME.....	33
6. Obxectivos estratéxicos.....	35

6.1. Introducción aos obxectivos estratéxicos.....	35
6.2. Liñas estratéxicas 1 e 2.....	38
6.2.1. Obxectivos estratéxicos 1.1. – 1.2.....	38
6.3. Liñas estratéxica 3.....	42
6.3.1. Obxectivo estratéxico 3.1.....	42
6.4. Liña estratéxica 4.....	45
6.4.1. Obxectivo estratéxico 4.1.....	45
7. Desenvolvemento do Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias da Comunicación.....	47
7.1. Comisión de traballo responsable da elaboración do PEC.....	47
7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC.....	48

## 1. Introducción

Dende 2015 a Facultade de Ciencias da Comunicación ven elaborando os sucesivos plans estratéxicos coa vontade xeral de reflexionar, de xeito sistemático, sobre as súas fortalezas e as súas feblezas, ao tempo que sobre as oportunidades e os retos que ofrece a contorna académica, profesional e social, na que este centro desenvolve o seu labor. Así, no primeiro plan estratéxico do que se dotou o centro, que comprendía o período 2015-2020, fixébase como principal misión a de xerar e transmitir coñecemento nas áreas do Xornalismo e da Comunicación Audiovisual, o que se concretaba en 4 liñas estratéxicas: a primeira delas, relativa á mellora docente e innovación continua, cuxo GI principal sería o estudantado; a segunda, relativa á motivación e participación nos diferentes resortes de xestión e de toma de decisións de que dispón o centro, cuxos GI principais serían o PDI e o PTXAS; a terceira concretábase no establecemento e fornecemento de alianzas e sistemas de colaboración co tecido empresarial e institucional (GI empregadores) e, nesta orde de cousas, co armazón investigador; a cuarta e última, sería a proxección e capacidade de intervención, a través do labor docente, investigador e profesionalizante no tecido social, sendo o GI a sociedade en xeral á que esta institución educativa se debe.

En 2020-2022 procédese a prorrogar -en tódolos centros e a instancias da Universidade de Santiago- o anterior plan estratéxico, asumindo nesta prórroga as mesmas liñas estratéxicas, coa finalidade de rematar todas aquelas accións que, ó amparo de ditas liñas, precisaban un maior percorrido temporal para se asentaren.

O plan estratéxico que agora se acomete tralo prorrogado, responde aos propósitos específicos reflectidos nos procesos *PE-01 Planificación estratéxica* e *PE-02 Revisión e mellora*, que se recollen no *Manual de procesos do Sistema de Garantía de Calidade* da Facultade de Ciencias da Comunicación. En concreto, o PE-01 ten por obxecto pautar as condicións de elaboración, aprobación, seguimento e actualización da súa planificación estratéxica, coa tripla finalidade de establecer de xeito conciso a súa misión e os valores nos que esta se sustenta; aliñar a planificación estratéxica coa política e obxectivos de calidade xerais da Universidade de Santiago de Compostela; consensuar o plan estratéxico cos diferentes grupos de interese de cara a facer de este un proxecto de centro no sentido máis amplo. Polo que atinxe ó PE-02, nel páutase o labor da Comisión de Calidade do centro, tanto na revisión periódica do grao de cumprimento do plan estratéxico do centro, como no establecemento, revisión e actualización da política e os obxectivos de calidade operativos nos que se concreten os obxectivos estratéxicos establecidos no plan estratéxico do centro.

O contexto no que se fragua este novo Plan Estratéxico defínese pola madurez do centro desde o punto de vista dos títulos que ofrece, como tamén desde o punto de vista do seu Sistema de Garantía de Calidade. No primeiro caso, porque se trata de títulos asentados no contexto universitario galego, cunha longa traxectoria de verificacións, modificacións e acreditacións, dende a súa implantación; que se ben continúan sendo excedentarios en canto á demanda, deben asumir variacións no perfil de ingreso por mor do atemperamento xeralizado das notas de corte, os cambios nos fluxos de estudantes en gran medida impredecibles; e variacións tamén no perfil de egreso, ao dilatar a súa etapa de formación, conciliándoa con estruturas laborais en moitos casos precarias, sometidas a unha gran mobilidade, esixentes en canto a cualificación, dependentes en extremo das innovacións -e dos correspondentes saberes-tecnolóxicos. En segundo lugar, o SGC acada igualmente a súa madurez, tal como probaría o recoñecemento da Acreditación Institucional do centro, o que permite acometer a toda a comunidade universitaria, con naturalidade -derivada da familiaridade-, soltura -derivada da súa asunción rutineira- e desafoego -debido á progresiva competencia- dos resortes de que se rodea o SGC.

O Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias da Comunicación que nos ocupa ten como obxectivo xeral *reforzar a conexión entre a formación universitaria e a inserción laboral do estudiantado, facendo da vida académica -entendida en toda a súa amplitude- un feito dialéctico, participativo, colaborativo, atravesado pola toma de decisións responsables, confrontadas e consensuadas, cuxo ulterior destino sexa a consolidación de vocacións comprometidas coa cualificación ó servizo dunha sociedade con competencia comunicativa, esixente e plural.*


- Fases de elaboración
- Xuntanzas órganos de calidade / colexiado
- Designación de grupos de interese
- Vías de exposición pública

O Plan Estratéxico que nos ocupará durante o período 2024-2026, establece a liña de progreso das prioridades, os obxectivos, as metas e os requirimentos que se propón asumir como propios e definitorios do seu SGC, a Facultade de Ciencias da Comunicación. En dito establecemento, o equipo decanal, con representación plena na Comisión de Calidade, asume o compromiso de encabezar este labor, designando para elo ao grupo de traballo, no cal participa, encargado de confeccionar o plan estratéxico, integrado asemade por membros do todos os colectivos (Persoal Docente e

Investigador; Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servicios; e Estudantado) representados na citada comisión; e designando igualmente, con afán integrador, aos distintos grupos de interese, non só mediante a difusión pública do plan, ao longo das diferentes etapas da súa conformación, senón tamén mediante a consulta particularizada a antigos decanos/a da Facultade de Ciencias da Comunicación, en tanto artífices dun proxecto de centro cohesionado polo seu SGC; como tamén ós integrantes do Comité Consultivo do centro, en tanto referente representativo tanto dos empregadores do alumnado egresado dos seus títulos, como do eido sociocultural galego a cuxo servizo esta Facultade se debe en primeira instancia.

A fin de clarificar o proceso de elaboración do PEC, que vimos de describir si ben de modo xeral, seguidamente detállase do xeito que sigue:

### CRONOGRAMA



RCC: responsable de calidade do centro. ACMP: área de calidade e mellora dos procedementos. PEC: plan estratéxico de centro. CCC: comisión de calidade do centro. GI: grupos de interese.

Fases de elaboración PEC	Reunión	Documentación

<p><b>Fase preliminar I:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A decana informa sobre a <b>consulta</b> recente da responsable de calidade do centro á ACMP (14/09/23 correo electrónico enviado ao persoal técnico do servizo e respondido na mesma data) , a propósito das <b>datas previstas para a elaboración e aprobación do novo Plan Estratégico</b> da Facultade; ao que se respondeu que aínda non se comunicaron as datas previstas a tal fin, por parte da Vicerreitoría con competencias en materia de calidade.</li> <li>• A Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización, convoca a dúas Reunións Extraordinarias do Colexio de Decanos/as e Directores/as de centros. A 1ª para anunciar a <b>necesidade de dotarse dos novos PCE</b> que deberán enviarse á ACMP para informe técnico en xaneiro-febreiro de 2024; a 2ª reunión para expoñer as liñas estratéxicas da USC, en ausencia de Plan Estratégico da Universidade, coas que deberán aliñarse os PCE dos centros.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comisión de Calidade de 04/10/2023</li> <li>• Reunións Extraordinarias do Colexio de Decanos/as de Directores/as de centros da USC 18/10/2023 e 02/11/2023</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acta publicada na web do centro <a href="https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-comunicacion/Calidade/Forms/AllItems.aspx">https://nubeusc.sharepoint.com/sites/centro-ciencias-comunicacion/Calidade/Forms/AllItems.aspx</a></li> <li>• Actas do Colexio</li> </ul>
<p><b>Fase preliminar II:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• A Decana informa de que, na reunión da Conferencia de Decanos/as e Directores/as de centros da USC (02/11/23), a Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización ven de informar da <b>obriga dos centros de elaborar o seu plan estratéxico 2024-2026</b>, toda vez que a Universidade dispón da Programación plurianual 2023-2026.</li> <li>• Co <b>pronunciamento unánime</b> da Comisión de Calidade a favor de <b>cumprir coa obriga</b> trasladada pola Vicerreitoría, a decana <b>propón, á súa vez, ós integrantes da Comisión responsable da elaboración do Plan Estratégico da Facultade de</b></li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comisión de Calidade 10/11/2023</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acta publicada na web do centro</li> </ul>

<p><i>Ciencias da Comunicación,</i> sendo os seus integrantes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Decana</li> <li>○ Vicedecana de calidade</li> <li>○ Vicedecana de estudantes, comunicación e comunidade</li> <li>○ Secretario académico Facultade CC. Comunicación</li> <li>○ Coordinador do Grao en Comunicación Audiovisual e do Dobre Grao</li> <li>○ Coordinador do Grao en Xornalismo</li> <li>○ Coordinadora do Máster</li> <li>○ Director do Departamento de CC. Comunicación</li> <li>○ Responsable da Unidade Administrativa de Xestión</li> <li>○ Alumnado titor (dous representantes).</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>● A CCC, plenamente representada neste grupo de traballo, pasa a <b>axendar o confeccionamento</b> do Plan Estratéxico para o período 24-26, quedando emprazado o grupo de traballo para <b>presentar un PEC provisional en xaneiro de 2025</b>.</li> <li>● Asemade, a instancias da decana, e co respaldo da Comisión de Calidade, <b>desígnanse os grupos de interese</b> que serán <b>obxecto de consulta</b> durante o período de elaboración do citado plan, segundo se especifica no Procedemento de Elaboración do PEC, difundido pola Vicerreitoría de Titulacións: <ol style="list-style-type: none"> <li>1. <b>Exdecanos/a</b> da F. CC. Comunicación.</li> <li>2. <b>Integrantes do Comité Consultivo</b> do centro.</li> <li>3. <b>Alumnado representante</b> do sector estudantado, na Xunta de Facultade.</li> <li>4. Ademais, acórdase a <b>exhibición e difusión pública</b> -mediante depósito do PEC en formato impreso, no decanato do centro e a remisión a todo o <b>PDI con docencia nos títulos</b>, a través das listas de correo electrónico.</li> </ol> </li> </ul>		
---	--	--



<p><b>Fase intermedia:</b> A CCC acorda o período de recollida de suxestións dos grupos de interese a propósito do borrador do PEC ata o 17/01/24:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Xaneiro 2024 envío por correo electrónico (cc.comunicación.decanato@usc.es) a exdecanos/a da Facultade de Ciencias da Comunicación (enviado o 12/01/24) e a integrantes do Comité Consultivo do centro (enviado o 16/01/24).</li> <li>2. Xaneiro-febreiro 2024 depósito no decanato do centro dun exemplar en papel do PCE: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Notificación feita ó PDI e ó PTXAS por correo electrónico depósito para a súa consulta pública (enviado o 10/01/2024 ata 10/02/24).</li> <li>• Notificación feita por correo electrónico (10/01/24) ó alumnado titor co encargo de que difunda e dea conta do PEC aos representantes de alumnos na Xunta de Facultade.</li> </ul> </li> <li>3. Xaneiro 2024 infórmase, a través das redes sociais do centro, da posta a disposición do borrador do PEC no decanato do centro para consulta pública.</li> </ol>	<p>Comisión de Calidade 20/12/2023</p>	<p>Acta publicada na web do centro</p>
<p><b>Fase final:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• No marco da CCC, a decana informa das canles habilitadas dende o centro para a difusión e exposición pública da proposta provisional de Plan Estratégico:</li> </ul> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Enviouse documento e correspondente consulta a exdecanos da Facultade de Ciencias da Comunicación,</li> </ol>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Comisión de Calidade 17/01/24</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Acta publicada na web do centro</li> </ul>






<p>suxestións que se incorporan ó borrador.</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>2. Enviouse documento e correspondente consulta aos membros do Comité Consultivo, quen non formularon ningunha suxestión.</li> <li>3. Enviouse nota informativa a través de correo electrónico a todo o PDI con docencia nos títulos e ao PTXAS do centro, indicando o período de posta á súa disposición no decanato, para consulta, do borrador do PEC.</li> <li>4. Encomendouse ó alumnado titor a difusión entre os representantes de alumnos na Xunta de Facultade, en particular, e entre todo o alumnado través das redes sociais do centro, da exposición pública do borrador do PEC no decanato.</li> </ol> <p>Rematado o período de difusión e unha vez recollidas e incorporadas as suxestións, apróbase por unanimidade a proposta provisional do Plan Estratéxico 24-26 da Facultade de Ciencias da Comunicación, de cara a remitilo á Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización para a emisión do informe técnico.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Recepción do Informe técnico relativo ó PEC provisional (02/10/24) a través de correo electrónico enviado ó decanato do centro, dende a Sección de Calidade-Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización. Aprobado en Xunta de Facultade o 22/11/24 e ratificado en CCPdeCG o 29/11/24.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Reunión do Grupo de traballo delegado da CCC (revisión do informe e implementación de recomendacións no PEC)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informe técnico da Sección de Calidade sobre o PEC</li> <li>• Informe do Grupo de traballo á CCC coa xustificación da incorporación da totalidade das recomendacións contidas no Informe técnico.</li> </ul>
--	--	---

## 2. Historia da Facultade de Ciencias da Comunicación

### 2.1. Orixe

A Facultade de Ciencias da Comunicación é un centro de educación superior pertencente á Universidade de Santiago de Compostela que comeza a súa andaina no curso académico 1991-92, como pioneira no Sistema Universitario de Galicia, na impartición dunha licenciatura en Xornalismo; co paso do tempo, continúa a ser a única facultade do SUG na se que imparten dita titulación. O edificio onde se aloxaba inicialmente, estaba ubicado na Praza de Mazarelos, polo que a Facultade formou parte en orixe dos centros universitarios que ocupan a emblemática zona histórica de Santiago de Compostela. Porén, dende 1999 a Facultade trasladaríase ao Campus Norte da citada Universidade, ocupando un edificio de nova construción, deseñado a tal fin polo arquitecto luso Álvaro Siza. Inaugurado oficialmente no ano 2000, conta cunha superficie de 5.700 m<sup>2</sup>, sendo ese mesmo ano merecedor do prestixioso Premio Secil de Arquitectura. A reubicación arquitectónica respondeu á necesidade de adaptarse aos cambios tecnolóxicos que se estaban a asumir no entorno profesional, isto é, unha transformación dixital que esixía unha formación comprometida con ensinanzas de corte práctico e perfil tecnolóxico, que requirían aulas técnicas específicas e diversificadas, dotadas con equipamento que incorporaba estándares profesionais: redaccións informatizadas, salas de dobraxe, cabinas de edición de vídeo con software múltiple, platós de televisión convencional e tamén de realidade virtual, entre outros. Así mesmo, a necesidade de ampliar o catálogo de títulos, tal como esixía o novo mapa de titulacións que se estaba a xestar en Galicia, levaba consigo un máis que previsible aumento do estudantado e, polo tanto, das necesidades de espazo; feito que se materializaría en 2003 coa incorporación da Licenciatura de Comunicación Audiovisual. Dende entón, o abano de títulos foise incrementando en atención a un contexto institucional decisivo, ás necesidades formativas que se derivan das demandas soci-profesionais, e a uns recursos humanos e materiais dados.

## 2.2. Catálogo actual de titulacións

GRAOS / DOBRE GRAO	MESTRADO	PROGRAMA DE DOUTORAMENTO
<ul style="list-style-type: none"> <li> Comunicación Audiovisual</li> <li> Xornalismo</li> <li> Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li> M. U. en Xornalismo e Comunicación Multimedia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li> Comunicación e información contemporánea</li> </ul>

### 2.2.1. Graos

A Facultade de Ciencias da Comunicación acolle actualmente dous títulos de grao: Grao en Xornalismo e Grao en Comunicación Audiovisual; así como un Dobre Grao en Xornalismo e en Comunicación Audiovisual. Os dous primeiros implantáronse no curso 2009-2010, froito da necesidade de adaptar as ensinanzas universitarias ao Espazo Europeo de Educación Superior. Estes títulos revalidaron a acreditación oficial da ACSUG (Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia) en 2016- 2017. En canto ao Dobre Grao, único no SUG (Sistema Universitario de Galicia), implantaríase no curso académico 2015-2016.

### 2.2.2. Mestrados

A Facultade ofrece un único título oficial de mestrado baixo o título de Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia; implantado no curso 2024-2025.

### 2.2.3. Programas de doutoramento

O Departamento de Ciencias da Comunicación, único con sede no centro, ofrece un Programa de doutoramento en *Comunicación e Información Contemporánea*, con data de renovación da acreditación por parte da ACSUG, o 1/03/2022. O programa está destinado, principalmente, a satisfacer as demandas de formación en investigación, nos eidos da comunicación e da información, por parte dos egresados dos títulos que se

imparten na Facultade de Ciencias da Comunicación, e de xeito máis amplo polo estudiantado procedente doutros títulos pertencentes á área de coñecemento das Ciencias Sociais e Xurídicas.

### 2.3. Grupos de investigación actuais

Actualmente, existen tres grupos de investigación operativos, con sede no centro.

#### 2.3.1. CIDACOM. Cidadanía e Comunicación-GI1927

Constituído en 2004, as liñas de investigación que o grupo identifica como propias son as que seguen: Autor, crítica, narración e estética; cidadán e valores da comunicación; comunicación especializada (áreas de coñecemento: medios e organizacións empresariais); comunicación política e políticas de comunicación e cultura; creatividade e investigación audiovisual; cultura mediática, cultura xornalística, cultura pública; democracia electrónica, internet e a evolución do xornalismo; economía política das tecnoloxías da comunicación e do coñecemento; espazos de comunicación; identidade e imaxinarios colectivos nos medios; métodos e técnicas de investigación en comunicación; teoría crítica da comunicación; utopías e comunicación alternativa; xornalismo non convencional: xornalismo cívico, de investigación, de precisión, de anticipación, de solucións.

#### 2.3.2. Estudos Audiovisuais. Comunicación Audiovisual: Contidos, formatos e tecnoloxía-GI1786

Constituído en 1999, integra as seguintes liñas de investigación: Espazos culturais e xeo-lingüísticos de comunicación; estudos fílmicos e visuais; industrias culturais e identidade: da música aos universos virtuais; políticas de comunicación e cultura, diversidade e patrimonio material e inmaterial; programación de contidos audiovisuais: da ideación á recepción.

#### 2.3.3. Novos Medios. Tendencias, cibermedios, impresos-GI1641

Constituído en 1999, define as súas liñas de investigación nos termos que seguen: Análise da produción informativa do ecosistema mediático; análise das relacións entre xornalismo e literatura; análise

de contidos, linguaxes e manipulación en todos os soportes; análise do impacto da tecnoloxía nas novas linguaxes e novas formas de censura; análise e seguimento das políticas de comunicación; análise permanente dos produtos informativos dos mercados globais e locais; comunicación móbil e inclusión social; estudo continuo dos medios dixitais e impresos; estudo das perspectivas e tendencias no ámbito da comunicación na Unión Europea; exame da estrutura dos medios impresos e audiovisuais; historia da comunicación; investigación das demandas dos novos usuarios, anunciantes e audiencias con especial atención ós novos lectores e sectores económicos emerxentes; investigación no ámbito da comunicación organizacional e de crise; laboratorio de proxectos e de elaboración da información; observatorio de prensa e escola; observatorio da radio, do ciberxornalismo, do libro, da comunicación local.

## 2.4. Sistema de Garantía de Calidade

A Facultade de Ciencias da Comunicación acadou a Acreditación Institucional en decembro de 2019, a instancias da ACSUG e por resolución do Consello de Universidades. O *Real Decreto de creación, reconecimiento, autorización y acreditación de universidades y centros universitarios* (420/2015, de 29 de maio), establece a acreditación institucional dos centros como alternativa ao modelo de acreditación de títulos oficiais vixente na actualidade, de modo que, en atención aos criterios de avaliación da calidade derivados do Espazo Europeo de Educación Superior, realízase unha acreditación conxunta do SGC e dos títulos de que se trate, en lugar de someter aos centros universitarios a acreditacións compartimentadas: SGC por unha banda, títulos por outra. Este distintivo constitúe o maior recoñecemento institucional sobre o grao de implantación e de madurez do SGC no eido universitario europeo, e de xeito máis amplo, un avance na política de calidade para o conxunto da USC. Asemade, outórgase ós centros unha maior autonomía no seguimento da calidade -entendida de xeito cohesionado- en tódolos seus resortes.

A Facultade ten recoñecidas catro boas prácticas pola Universidade de Santiago de Compostela, a instancias da Comisión de Calidade delegada de Consello de Goberno. Trátase dun conxunto de actuacións implantadas no centro que, reportando vantaxes de forma constatada e probada nas distintas dimensións implicadas na garantía da calidade do mesmo, constitúen un referente a seguir para achegar dita mellora a outros centros. Trátase das que seguen:

- Protocolo de intervención sobre o alumnado en risco potencial de abandono dos estudos no Grao en Comunicación Audiovisual. Recoñecemento de boa práctica obtido en 2019-2020.
- Deseño, difusión e xeración de informes derivados da enquisa propia da Facultade de Ciencias da Comunicación sobre o desenvolvemento e a satisfacción do alumnado co Traballo de Fin de Grao en Comunicación Audiovisual e en Xornalismo. Recoñecemento de boa práctica obtido en 2021-2022.
- Deseño, difusión e xeración de informes derivados da enquisa propia da Facultade de Ciencias da Comunicación sobre a satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas. Recoñecemento de boa práctica obtido en 2022-2023.
- Mellora da taxa de participación do alumnado dos títulos (grao, dobre grao, máster) nas enquisas de satisfacción coa docencia impartida. Recoñecemento de boa práctica obtido en 2022-2023.

Polo demais, o SGC da Facultade de Ciencias da Comunicación defínese por unha política e uns obxectivos de calidade propios, publicados na web do centro, ao igual que a documentación que da soporte ó Sistema, en concreto: o Manual do Sistema de Garantía de Calidade e o Manual de Procesos da Facultade de Ciencias da Comunicación; ademais, a Memoria anual de Calidade, ferramenta para o seguimento do SGC no seu conxunto, o que inclúe ós títulos que se ofrecen, e o Plan Anual de Melloras no que se identifican os déficits detectados nas diferentes dimensións do Sistema, todos eles recollidos na citada Memoria, co obxectivo de se remediar.

Desde un punto de vista operativo, o centro conta co equipo decanal, a responsable de calidade e os coordinadores dos títulos -un para o Grao en Xornalismo, un para o Grao en Comunicación Audiovisual e o Dobre Grao, e unha coordinadora para o máster-, ademais dos seguintes órganos de xestión da calidade:

- Comisión de Calidade: órgano central cuxo cometido será a planificación, o desenvolvemento, o seguimento e a difusión interna do SGC da Facultade.
- Comisión Académica e de TFG, e Comisión Académica do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: trátase das dúas comisións de títulos coas que conta o centro, as cales velan polo funcionamento ordinario

dos mesmos, no primeiro caso, dos títulos de grao, no segundo, do título de máster.

- **Comité Consultivo:** un órgano creado coa finalidade de orientar ao equipo de dirección en materia de tendencias e cambios sociolaborais de interese para a actividade docente e investigadora, compartir experiencias que melloren a súa calidade, medir o grao de satisfacción do grupo de interese integrado por potenciais empregadores, e canalizar información cara á sociedade para mellorar a proxección do centro na súa contorna.

Finalmente, entre as ferramentas de medición da calidade, ademais das enquisas de satisfacción que a propia USC xestiona para tódolos centros, a Facultade conta con tres enquisas propias: a Enquisa de satisfacción dos/as titores/as profesionais coas prácticas externas, a Enquisa sobre o desenvolvemento e satisfacción co TFG, e a Enquisa de continuidade coa formación e inserción laboral de egresados.

### 3. Misión, visión e valores do centro

#### 3.1. Misión

A Facultade de Ciencias da Comunicación ten unha tripla misión: como centro de investigación, afánase na xeración e na transmisión de coñecemento nas áreas disciplinares da comunicación audiovisual e do xornalismo; como centro de ensino superior, afánase na formación do alumnado cunha pretensión profesionalizante; como centro prestador dun servizo público, afánase en definir e acometer a súa responsabilidade social, o que se concreta en garantir o exercicio profesional dos seus egresados como forma de contribución ó pluralismo do entramado comunicativo e das industrias culturais e creativas en Galicia.

A Facultade débese, pois, de xeito prioritario á formación integral de futuros titulados capaces de levar a cabo o seu exercicio profesional con solvencia, espírito crítico e responsabilidade social; profesionais capaces de erixirse en motor de cambio no eido laboral e, máis amplamente, en axentes da transformación social. De cara a materializar este propósito formativo, a Facultade está comprometida coa consecución dos seguintes obxectivos:



1. Atender aos requirimentos propios do ámbito académico no que o centro se insire; ás demandas socioculturais relativas ao tecido comunicativo, nomeadamente o galego; ás demandas sociolaborais relativas ao exercicio profesional dos seus egresados

3. Realizar o seguimento do programa formativo do alumnado, o que inclúe á súa formación complementaria, e comprometerlo nos labores de xestión e na toma de decisións relativas ó centro, mediante a súa participación, nomeadamente, nos órganos do SGC

2. Operar de xeito integrado no marco da innovación investigadora, a innovación docente e a innovación tecnolóxica, o que redundará na mellora do desempeño profesional dos seus titulados/as

4. Optimizar as infraestruturas e os recursos materiais dos que dispón a Facultade, de cara ó desenvolvemento das actividades formativas e investigadoras

5. Promover e facilitar a formación continua, a estabilización e a consolidación da plantilla do PDI (Persoal Docente e Investigador) e do PTXAS (Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servicios) adscrito ó centro

### 3.2. Visión

A Facultade de Ciencias da Comunicación aspira ser recoñecida pola comunidade universitaria nacional e internacional, como un referente no ámbito do ensino e da investigación relativa ás áreas disciplinares da comunicación audiovisual e do xornalismo, o que debera sustentarse na capacidade de xeración e difusión de coñecemento, así como na exemplaridade das súas propostas docentes.

A Facultade de Ciencias da Comunicación pretende comparecer diante do seu **alumnado** como un centro de excelencia, entendendo por tal a definida por elevados indicadores de resultados e de satisfacción e rendemento dos seus

grupos de interese. En tanto tal, un centro capaz de proporcionar unha formación integral, adaptada ás necesidades da sociedade actual, mediante o desenvolvemento de actividades, eventos e proxectos de interese dende o punto de vista académico, profesional e persoal, polo que outorgará o estudiantado un papel proactivo. É por isto que a Facultade nítrese dun profesorado coñecedor de sistemáticas docentes innovadoras e axustadas ás necesidades do contexto laboral; ofrece un amplo abano de prácticas externas destinadas a se inserir no tecido comunicativo galego; e promove múltiples intercambios académicos nacionais e internacionais en universidades de referencia nos ámbitos da comunicación social e do xornalismo.

De igual xeito, a Facultade quere ser recoñecida polo seu persoal docente e investigador-**PDI**, e polo Persoal Técnico, de Xestión e de Administración e Servicios-**PTXAS**, como un centro de excelencia, entendendo por tal a definida por óptimos indicadores de recursos humanos. A Facultade comprométese coa incentivación da formación continuada do seu persoal, da actividade investigadora, da participación nos órganos de decisión que integran o SGC, e do sentido de pertenza a un proxecto de centro en constante renovación consonte ás necesidades da súa contorna -académica e sociolaboral.

A Facultade tenta ser recoñecida polos potenciais **empregadores** dos seus titulados (empresas, institucións, organizacións, centros de investigación e de ensino, etc.), como un centro destacado pola calidade das súas ensinanzas, o seu óptimo perfil de egreso, ao tempo que como centro investigador de referencia. Así, a través do fornecemento da relación co Comité Consultivo, a Facultade pretende ser sensible ás necesidades do sector profesional, preservando a súa autonomía en tanto entidade xeradora de coñecemento, capaz de interactuar con dito sector na procura do beneficio mutuo.

En suma, a Facultade aspira a ser recoñecida pola **sociedade**, no seu conxunto, como un espazo de proximidade, sensible e permeable ás súas demandas, transparente coas súas dinámicas de funcionamento interno, comprometido coa formación de profesionais que respondan, igualmente, ás necesidades da sociedade co seu labor crítico, coa súa competencia creativa, coa súa capacidade para desencadear transformacións que dean resposta aos retos socio-políticos, socio-culturais e socio-económicos.

### 3.3. Valores

Considerando a Misión e a Visión anteriormente expostas, destacamos os seguintes valores reitores do plan estratéxico, os cales atinxen a tódolos grupos de interese definidos no marco do SGC do centro:

- Creatividade e innovación: O que se concreta na orientación das ensinanzas cara a ideación creativa e innovadora, a súa posta en práctica e o seu aproveitamento ulterior para transformar, mellorándoo, o entorno mediático, así como o entorno sociocultural máis próximo.
- Responsabilidade e integridade: O que se concreta na capacidade para asumir e cumprir coas obrigas tanto académicas como profesionais, actuando con compromiso e honradez.
- Coordinación e eficacia: O que se concreta na capacidade de traballar en equipo, perseguindo obxectivos comúns, e aplicando criterios de eficacia que se traducen na optimización de recursos materiais e humanos.
- Servicio: O que se concreta no desenvolvemento de dinámicas de xeración e de transmisión de coñecemento postas a disposición da sociedade na que o centro se insire.

## 4. Liñas estratéxicas

### 4.1. Introducción ás liñas estratéxicas

Conforme á MVV (Misión, Visión, Valores) que se ven de plasmar, a Facultade de Ciencias da Comunicación propónse acometer 4 liñas estratéxicas, as cales se consideran prioritarias e alcanzables no marco temporal do presente Plan Estratéxico.

LIÑAS ESTRATÉXICAS FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN
1. Xestión da calidade da docencia
2. Coordinación da oferta
3. Participación dos grupos de interese nas estruturas de decisión
4. Colaboración coa contorna

Ditas liñas están en consonancia tanto coas definidas en anteriores planos estratéxicos, e así, os grupos de interese PDI, alumnado e empregadores protagonizan as liñas 1, 2, 3 e 4, respectivamente; como coas liñas despregadas pola Universidade de Santiago de Compostela, no seu Plan Estratéxico 2024-26, dita conexión establécese con 7 das 8 liñas estratéxicas da Universidade. Así pois, unha vez expostas as liñas específicas do centro (LEC), procédese a expoñer a conexión entre estas e as liñas estratéxicas marco (LE).

## 4.2. Liñas estratéxicas 1 e 2

- Xestión da calidade da docencia
- Coordinación da oferta

### 4.2.1. Xustificación das liñas estratéxicas 1 e 2

Dado que a Facultade pretende comparecer diante dos seus grupos de interese coma un centro de excelencia, resultará prioritaria a xestión da calidade da docencia. En dita xestión, o Sistema de Garantía de Calidade da docencia no centro, acomete a medición da satisfacción de diferentes grupos de interese, a definición e o mantemento dos indicadores específicos do centro, así como a consideración daqueles outros que definidos no nivel institucional, todos eles considerados tanto nos informes de resultados, como nas memorias anuais de calidade e nos plans de accións de mellora; a realización de potenciais boas prácticas; a avaliación do desempeño docente que, na Facultade de Ciencias da Comunicación, se realiza no marco das tarefas de coordinación docente dos títulos. Asemade, cabe engadir que a concepción tanto da xestión da calidade da docencia, como da coordinación da oferta, que se plasman no PEC susténtanse no desenvolvemento de sinerxías cos axentes integrantes do sector empresarial e institucional comunicativo -especialmente o galego-, así como o das industrias culturais e creativas, favorecedores do emprendemento colaborativo; como tamén se sustenta no favorecemento da transferencia da I+D+i, antes que na innovación educativa.

## 4.3. Liña estratéxica 3

Participación dos grupos de interese nas estruturas de decisión

### 4.3.1. Xustificación da liña estratéxica 3

Dado que a responsabilidade, atribuída particularmente ao grupo de interese alumnado, é un dos valores nos que se sustenta este plan estratéxico; o exercicio da mesma pasará pola concienciación para a participación activa do estudantado nos órganos de xestión e de decisión do centro, en concreto, os órganos de goberno, en xeral, e aqueles que forman parte da estrutura para o desenvolvemento do SGC, en particular.

#### 4.4. Liña estratéxica 4

Colaboración coa contorna

##### 4.4.1. Xustificación da liña estratéxica 4

A Facultade de Ciencias da Comunicación dispón dun Comité Consultivo dende xuño de 2023, o cal está integrado por representantes do PDI e do PTXAS do centro, así como por representantes do grupo de interese empregadores, pertencentes ás asociacións profesionais, ás institucións e ás empresas senlleiras dos sectores da comunicación e das industrias culturais en Galicia, entre os cales se encontran egresados do centro. Porén, é preciso equiparar dito Comité ós restantes órganos de calidade do centro, desde o punto de vista da súa dinámica de funcionamento. Polo demais, esta liña responde ó propósito nuclear de deseñar unha política clara de transferencia da I+D+i e de emprendemento, dende o centro, en colaboración co tecido empresarial e institucional de Galicia, que opera tanto no eido das industrias culturais e creativas, como particularmente no eido dos medios de comunicación social.

Liñas estratéxicas do centro	Liñas estratéxicas da USC
<p><b>LEC1.</b> Xestión da calidade da docencia</p> <p><b>LEC2.</b> Coordinación da oferta</p>	<p><b>LE1.</b> O estudiantado e a comunidade universitaria: dous de cuxos obxectivos -compartidos polas LEC1 e 2- son <b>1.1.</b> Impulsar a visión integral na educación e <b>1.2.</b> Dinamizar a participación do estudiantado na vida universitaria.</p> <p><b>LE2.</b> A formación e a docencia no novo contexto. Practicamente a totalidade dos obxectivos correspondentes a esta LE son compartidos polas LEC1 e 2: tal é o caso do <b>2.1.</b> Robustecer e mellorar as titulacións e a súa calidade, <b>2.2.</b> Adaptar e actualizar a oferta formativa ás necesidades da sociedade, <b>2.3.</b> Potenciar a</p>

transversalidade e cooperación interdisciplinaria da oferta normativa, **2.4.** Explorar estruturas curriculares específicas e de innovación docente, **2.5.** Formar en competencias dixitais, de igualdade e de inclusión e **2.6.** Revisar os sistemas de avaliación.

**LE3.** Os retos na política de persoal: un de cuxos obxectivos -compartido polas LEC1 e 2- é **3.4.** Desenvolver a carreira investigadora, en conexión directa coa innovación educativa - cabe engadir-, esta última motivo da acción 3, dentro das LEC1 e 2.

**LE4.** A investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar: dous de cuxos obxectivos -compartidos polas LEC1 e 2- son **4.2.** Definir e impulsar a política de transferencia da I+D+i e o emprendemento, ó que se apunta, no caso do PE do centro, en dúas direccións: na acción 1, a relativa á innovación educativa, en tanto se concibe como feito de transferencia; e na acción 2, posta en marcha da mención dual, en tanto se considera facilitadora de sinerxías conducentes ó emprendemento.

**LE7.** A USC na era da transformación dixital: dado que o coñecemento e a formación de novas ferramentas dixitais será unha das súas metas clave, o aliñamento das LEC1 e 2 virá dado polo feito de que as tres accións contempladas ó amparo das citadas liñas, concréntanse no uso de recursos dixitais (axenda electrónica), no fomento dunha innovación educativa soportada, en boa medida, na utilización de novos recursos tecnolóxicos, e finalmente,

	<p>a propia mención dual constitúe unha oportunidade de formación en estándares tecnolóxicos profesionais.</p>
<p><b>LEC3.</b> Participación dos grupos de interese nas estruturas de decisión</p>	<p><b>LE1.</b> O estudiantado e a comunidade universitaria: un de cuxos obxectivos -compartido pola LEC3- é <b>1.2.</b> Dinamizar a participación do estudiantado na vida universitaria.</p> <p><b>LE5.</b> A senda da internacionalización: un de cuxos obxectivos -compartido pola LEC3- é <b>5.4.</b> Potenciar a mobilidade internacional e a internacionalización na casa, coa mirada posta no “benestar” do estudiantado inmerso en programas de mobilidade.</p> <p><b>LE8.</b> A xestión eficiente dos recursos: un de cuxos obxectivos -compartido pola LEC3- é <b>8.4.</b> Promover a participación da comunidade universitaria na gobernanza da universidade.</p>
<p><b>LEC4.</b> Colaboración coa contorna</p>	<p><b>LE1.</b> O estudiantado e a comunidade universitaria: un de cuxos obxectivos -compartido pola LEC4- é <b>1.9</b> Reforzar a orientación vocacional e laboral do estudiantado, en colaboración -no caso do centro- cos integrantes do Comité Consultivo e, máis amplamente, cos grupos de interese nel representados.</p> <p><b>LE2.</b> A formación e a docencia no novo contexto: un de cuxos obxectivos -compartido pola LEC4- é <b>2.2.</b> Adaptar e actualizar a oferta formativa ás necesidades da sociedade, coa inestimable contribución dos representantes do Comité Consultivo do centro.</p>

	<p><b>LE4.</b> A investigación e a innovación como motor do desenvolvemento sostible e o benestar: un de cuxos obxectivos -compartido pola LEC4- é <b>4.2.</b> Definir e impulsar a política de transferencia da I+D+i e o emprendemento, aliñando intereses -no caso do noso centro- cos grupos de interese representados no Comité Consultivo.</p> <p><b>LE8.</b> A xestión eficiente dos recursos: un de cuxos obxectivos -compartido pola LEC4- é <b>8.1.</b> Reafirmar a USC como entidade pública transparente e xestionar eficazmente a información, no noso caso perante os grupos de interese representados no Comité Consultivo do centro.</p>
--	--

## 5. Diagnose estratéxica

### 5.1. Introducción á diagnose estratéxica

Expostas as liñas estratéxicas que acometerá a Facultade de Ciencias da Comunicación nos próximos dous anos, analizarase a continuación a situación actual e futura, así como as condicións internas e externas do centro en relación con cada unha das liñas estratéxicas antes definidas. A tal fin, utilizarase a ferramenta estratéxica denominada análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades), a cal, en suma, permitirá reflexionar sobre riscos e oportunidades futuras no desenvolvemos das liñas estratéxicas do centro.

Asemade, desenvolverase a análise CAME, que permitirá expoñer posibles estratexias a tenor da interacción dos elementos mobilizados na análise DAFO, realizada previamente. Trátase dunha ferramenta destinada a definir posibles estratexias de mellora, mobilizando para elo catros obxectivos: Corrixir as debilidades, Afrontar as ameazas, Manter as fortalezas e Explotar as oportunidades.



## 5.2. Liñas estratéxicas 1 e 2

A Facultade de Ciencias da Comunicación da cabida a títulos de grao e máster nos que se concentra PDI cualificado e experimentado; sirva como evidencia os valores que arroxa o indicador IN24G Porcentaxe de PDI con sexenios sobre o PDI total (2022-2023), nos títulos de Comunicación Audiovisual/Xornalismo: 75%, o cal está por enriba da Media da Área de Ciencias Sociais no mesmo período: 68,85; en canto ó indicador IN24M, no caso do Máster Universitario en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñecemento, o valor é: 83,33, fronte á Media da Área: 82,79.

En canto ó outro dos indicadores relativos ao PDI, en concreto, ás porcentaxes de funcionarios/as e doutores/as, medidor do nivel de asentamento das plantillas, tomando como referencia ING25 Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total (2022-2023), no título de Comunicación Audiovisual: 66,67%; Xornalismo: 72,41% / Media Área: 74,11%; no caso do máster, IN25M Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total: 100% / Media Área: 82,65%. Polo tanto, en ningún caso dista moito da media da área. Por último, posúese información só para os títulos de grao, de modo que no Grao en Comunicación Audiovisual, o IN26G Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total: 31,11%; Xornalismo: 36,21% / Media Área: 32,69%.

En suma, o centro conta actualmente cunha plantilla sólida, con claro perfil investigador, si ben con marxe para a mellora, e nesa mesma medida capaz de asumir retos futuros innovadores, tal como require a formación dual, ou a busca de fórmulas docentes e investigadoras orixinais. Na procura de revertir escasos índices de participación do estudantado, sirvan de exemplo o Informe de satisfacción coa docencia recibida (22-23), participación: Grao en Comunicación Audiovisual (17%); Grao en Xornalismo (38,76); Dobre Grao (23,33%); Máster (12,12%). Así como, o Informe de satisfacción do alumnado coa titulación (22-23), participación: Grao en Comunicación Audiovisual (5,9%); Grao en Xornalismo (10,68%); Dobre Grao (16,13); Máster (21,21%). Despréganse, de seguido, unha serie de estratexias (CAME), destinadas a revertir aqueles aspectos negativos, polo tanto, subsanables nos próximos anos.

### 5.2.1. Análise DAFO

<b>Liñas estratéxicas 1-2</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>Xestión da calidade da docencia</li> <li>Coordinación da oferta</li> </ul>	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condições internas orientación ao presente	<b>Fortalezas:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>PDI con recoñecida cualificación e experiencia</li> <li>Renovación xeracional que está tendo lugar entre o PDI</li> </ul>	<b>Debilidades:</b> Escasa ou moderada participación do estudiantado nas enquisas de satisfacción, o que compromete en maior ou en menor medida a fiabilidade plena das enquisas.
Condições externas orientación ao futuro	<b>Oportunidades:</b> Elevado número de institucións e empresas do sector da comunicación e das industrias culturais e creativas coas que están vixentes os correspondentes convenios de prácticas.	<b>Ameazas:</b> O incremento da dependencia tecnolóxica na educación superior, e no extremo, a tendencia á virtualización da docencia e da interacción profesorado-alumnado, dificulta o recoñecemento do valor da asistencia a clase para a comprensión. Asemade, dificulta a consecución do equilibrio entre ensinanzas prácticas e ensinanzas teóricas, ao impoñerse o patrón da aprendizaxe en remoto, como alternativa á ausencia ocasional ou prolongada do alumnado.

### 5.2.2. Análise CAME

Liñas estratéxicas 1-2	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<u>Estratexias de reforzo:</u> Dado que o PDI está moi interrelacionado cos empregadores, trátase de utilizar o elevado número de contactos no sector da comunicación e das industrias culturais e creativas (o programa de prácticas externas ofrece 132 destinos en 2023), para implementar a mención dual.	<u>Estratexias correctoras:</u> Evitar o tendencial abuso das novas tecnoloxías e a conseguinte deriva cara a virtualización do seguimento das clases teórico-prácticas, por parte do PDI que protagoniza a renovación xeracional da plantilla.
Debilidades	<u>Estratexias de acción:</u> Aproveitar o elevado número de convenios de prácticas, para favorecer, dende o sector profesional, a posta en valor dos títulos, ó amparo dos cales se realiza esta formación práctica.	<u>Estratexias de supervivencia:</u> Incentivar a distribución das enquisas de satisfacción destinadas ó estudiantado, a través de redes sociais en auxe entre este colectivo, como é o caso de Instagram.

### 5.3. Liña estratéxica 3

Os títulos que ofrece o centro veñen experimentando unha elevada demanda, tal como se aprecia no IN12G Taxa de ocupación (2022-2023): 110,0% (Grao en Comunicación Audiovisual); 106,67% (Grao en Xornalismo); 110% (Dobre Grao); IN12M 100% (máster). Ao tempo que as notas medias son elevadas: IN06G Nota media de acceso por preinscrición (2022-2023): 11,68 (Grao en Comunicación Audiovisual); 11,19 (Grao en Xornalismo); 13,37 (Dobre Grao); IN06M 7,94 (máster). Podería dicirse que se trata de títulos atractivos, o que define un perfil de ingreso competitivo, en sintonía cun rendemento elevado ao longo dos cursos, tal como se aprecia nos indicadores de resultados (2022-2023): IN34G Taxa de rendemento, 90,71 (Grao en Comunicación Audiovisual); 93,22 (Grao en Xornalismo); 94,82

(Dobre Grao); IN34M 87,02 (máster). IN35G Taxa de éxito: 97,62 (Grao en Comunicación Audiovisual); 96,84 (Grao en Xornalismo); 99,4 (Dobre Grao); IN35M 97,98 (máster) IN36G Taxa de avaliación: 92,93 (Grao en Comunicación Audiovisual); 96,26 (Grao en Xornalismo); 96,4 (Dobre Grao); IN36M 88,81 (máster).

Asemade, o natural favorecemento do relevo xeracional entre o PDI, en sintonía co recollido polo Informe CYD 2023, onde se analizan as 7 prioridades estratéxicas da universidade española e os seus retos sociais e tecnolóxicos<sup>1</sup>, unha das cales é precisamente “Atraer talento e asegurar o relevo xeracional do PDI”; permite auspiciar unha irmandade de intereses, no eido académico, entre o PDI e o alumnado, tendencialmente máis estreita, alomenos por proximidade etaria, nos hábitos socioculturais, tecnolóxicos e de consumo.

Todos estes trazos permitirán contrapesar tanto o afastamento do estudiantado dos órganos de decisión e de xestión propios dun centro de ensino superior, como conciliar o obxectivo máximo da inserción no mercado laboral, coa natural participación nos procesos e procedementos característicos da vida académica.

### 5.3.1. Análise DAFO

<b>Liña estratéxica 3</b> Participación dos grupos de interese nas estruturas de decisión	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condições internas orientación ao presente	<b>Fortalezas:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>O perfil do alumnado dos títulos de grao destaca polos seguintes trazos: 1º. Elevada demanda; 2º.</li> </ul>	<b>Debilidades:</b> O perfil de ingreso implica un compromiso individual cos estudos e, asemade, unha certa desconexión dos órganos do centro destinados á toma de decisións, os labores de xestión e,

<sup>1</sup> <https://www.fundacioncyd.org/el-informe-cyd-2023-analiza-las-7-prioridades-estrategicas-de-la-universidad-espanola-y-sus-retos-sociales-y-tecnologicos/>

	<p>Elevada nota media.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• As taxas de resultados tamén elevadas.</li> </ul> <p>Todo o cal define a un alumnado que elixe os títulos do centro como primeira opción, comprometido coa súa formación, o que constitúe un bo capital para implicarse nas estruturas de decisión da Facultade.</p>	<p>consequentemente, daqueles que integran o SGC.</p>
<p>Condições externas orientación ao futuro</p>	<p><b>Oportunidades:</b> O relevo xeracional que se está a producir na universidade española, por proximidade etaria, podería incidir de xeito positivo nas vindeiras xeracións de alumnos/as, de cara a fomentar a participación consultiva e proxectiva<sup>2</sup> en tódolos resortes da gobernanza dun centro de ensino superior.</p>	<p><b>Ameazas:</b> A competitividade do entorno socio-laboral e académico non favorece o compromiso do grupo de interese alumnado coa xestión, particularmente, da calidade dun centro universitario.</p>

<sup>2</sup> Participación consultiva: demándase ó grupo de interese o seu parecer sobre asuntos que lle concirnen. Requíreselle opinar, propoñer ou valorar e facilitanse canles para elo.

Participación proxectiva: o participante convértese en axente. Require maior compromiso e corresponsabilización e é condición para o bo resultado que aprecie como propio o proxecto de centro, neste caso. Participase nas diversas fases da actividade: definición e deseño (sentido, obxectivos, etc.), xestión, execución e control do proceso, valoración.

<file:///C:/Users/Ant%C3%ADa%20L%C3%B3pez/Downloads/kpjbrennan,+Journal+manager,+bernet.pdf>

### 5.3.2. Análise CAME

Liña estratéxica 3	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p><u>Estratexias de reforzo:</u> Dado que o alumnado dos títulos ten unhas elevadas taxas de resultados, favorecer dende os grupos de investigación a incorporación dos perfís con vocación docente e investigadora, á plantilla con dedicación aos títulos; eles/as coñecerán de primeira man as necesidades, os déficits e as estratexias para comprometer ó grupo de interese alumnado na gobernanza do centro.</p>	<p><u>Estratexias correctoras:</u> Nas distintas convocatorias de selección que promove o centro, nas que participa o estudantado (prácticas externas, mobilidade, etc.), considerar a introdución, como criterio adicional, dun recoñecemento porcentual na puntuación final, da participación dos candidatos en órganos de goberno.</p>
Debilidades	<p><u>Estratexias de acción:</u> Aproveitar o vicedecanato de estudantes -destinado en gran parte á dinamización do estudantado do centro-, para distribuír tarefas relativas á produción de contidos -información pública- para as redes sociais do centro, entre o estudantado con presenza nos órganos de xestión.</p>	<p><u>Estratexias de supervivencia:</u> Incentivar a competitividade entre o alumnado nun sentido amplo, isto é, non só a través do expediente académico, senón tamén mediante cotas de presenza en redes sociais e web do centro, acto de benvida, favorecendo así o recoñecemento cara o alumnado que presta un servizo relacionado coa gobernanza.</p>

## 5.4. Liña estratéxica 4

Cabe destacar a boa relación recíproca entre o PDI do centro e os axentes sectoriais da comunicación -entendida nun sentido amplo- en Galicia. Se ben é certo que se aprecia a difícil conciliación entre o quefacer profesional e a realización puntual de tarefas académicas, no tocante particularmente á formación de alumnado en prácticas. Véxanse, a este respecto, os resultados de indicadores como IN20G/20M Satisfacción dos titores profesionais coas prácticas externas, desprovistos de datos en cursos sucesivos, o que requiriu a implementación de accións de mellora consistentes en realizar envíos personalizados de enquisas de satisfacción aos titores profesionais, a fin de comprometerlos na realización das mesmas. Con todo, a tendencial incorporación de mencións duais profesionalizantes constitúe un reto na universidade española, que deberá acometerse igualmente no eido das ciencias da comunicación, non sen antes definir o novo modelo formativo de cara a encauzar imposicións do sector profesional que poidan resultar inapropiadas.

### 5.4.1. Análise DAFO

Liña estratéxica 4	Aspectos positivos	Aspectos negativos
Condições internas orientación ao presente	<p><b>Fortalezas:</b> A recíproca proxección do centro no eido profesional, e deste no centro, derivada de:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Ser a única Facultade que ofrece estudos de Xornalismo en Galicia, e do dobre itinerario de estudos (Xornalismo e Comunicación Audiovisual).</li> <li>• Ofrecer os estudos de Comunicación Audiovisual máis</li> </ul>	<p><b>Debilidades:</b> A difícil conciliación de rutinas académicas (procedimentais, avaliadoras, etc.) coas dinámicas profesionais diarias; en concreto, apréciase nas reticencias dos titores profesionais para cubrir as Enquisas de satisfacción coas prácticas externas enviadas pola USC<sup>(1)</sup>; de xeito que o centro tivo que facerse cargo progresivamente, mediante accións de</p>

	<p>demandados no contexto do SUG.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Contar cun PDI que, na súa meirande parte, responde a un dobre perfil (académico e profesional): traballa no sector profesional e teñen docencia nos títulos; ou ben é PDI estable con percorrido profesional previo no sector.</li> <li>• Promover numerosas accións conxuntas co sector profesional (presenza en colexios e asociacións profesionais, co-financiamento de bolsas, aluguer de espazos e de equipamento da Facultade, co-organización de eventos, co-participación en cursos de formación, apadriñamento profesional das diferentes promocións de egreso, etc.)</li> </ul>	<p>mellora, do envío particularizado de tales enquisas e da tarefa de implicación dos titores profesionais, a fin de obter tales datos de satisfacción.</p>
<p>Condições externas orientación ao futuro</p>	<p><b>Oportunidades:</b> A implantación de normativas, nas universidades españolas, para o desenvolvemento da Mención Dual nas</p>	<p><b>Ameazas:</b> A posible tendencia dos Comités Consultivos a impoñer un modelo de formación baseado no adestramento</p>



	titulacións, requirirá a designación de entidades colaboradoras nos títulos con este tipo de mención, entendendo por tales: empresas, organizacións sociais, institucións ou administracións. Todo o cal conlevará o compromiso mutuo (Universidade-Entidades) na adquisición e desenvolvemento de dinámicas académico-empresariais/institucionais.	profesional, en lugar da formación integral; modelo formativo, este último, especificamente universitario.
--	---	--

### 5.4.2. Análise CAME

Liña estratéxica 4	Oportunidades	Ameazas
Fortalezas	<p><u>Estratexias de reforzo:</u>                      Aproveitar a reciprocidade na boa consideración de docentes e de profesionais en ambos terreos (académico e laboral), para dotar ó Comité Consultivo de dúas funcións que responderán á súa representatividade dende un punto de vista deontolóxico, o que deberá quedar plasmado no MSGC do centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que manifeste e difunda, entre as empresas/institucións con convenios de prácticas subscritos coa Facultade, o conxunto de deberes, responsabilidades e esixencias que, na titorización desta</li> </ul>	<p><u>Estratexias correctoras:</u>                      Evitar a sobredotación de competencias/funcións do Comité Consultivo nun centro de ensino superior como o que nos ocupa, outorgándolle funcións claras de asesoramento, no contexto dos órganos de calidade da Facultade de Ciencias da Comunicación.</p>

	<p>formación, estas deben contemplar. Contribuíndo, deste xeito, ó seguimento do programa de prácticas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que realice un labor/exercicio de responsabilidade na proposta de profesionais, empresas e institucións, aconsellando asemade na designación de contidos prácticos, á hora de deseñar e implantar a mención dual nos títulos.</li> </ul>	
<p>Debilidades</p>	<p><u>Estratexias de acción:</u> Aproveitar a implantación e o desenvolvemento de títulos con mención dual para implicar aos profesionais do sector da comunicación e das industrias culturais e creativas nas rutinas académicas (órganos de xestión, uso de ferramentas de medición propias do SGC, rendición de contas, etc.) e, particularmente, no recoñecemento do Comité Consultivo do centro como instancia representativa e de mediación entre o sector profesional e a contorna académica.</p>	<p><u>Estratexias de supervivencia:</u> Desenvolver e dinamizar o Comité Consultivo nun dobre sentido:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Plasmando de modo moi conciso e segundo a lóxica do SGC do centro, no xa citado Manual, as funcións operativas do Comité Consultivo.</li> <li>• Adquirindo o compromiso, por parte dos integrantes do Comité Consultivo, de difundir o seu labor no eido</li> </ul>

		profesional, de cara a evidenciar o seu papel mediador, ao tempo que servir de exemplo de conciliación de intereses profesionais e de intereses académicos.
--	--	---

## 6. Obxectivos estratéxicos

### 6.1. Introducción aos obxectivos estratéxicos

Para cada unha das 4 liñas estratéxicas definidas no Plan Estratéxico da Facultade de Ciencias da Comunicación, identifícanse, á súa vez, os correspondentes obxectivos estratéxicos, coas conseguíntes accións asociadas, a necesaria referencia aos indicadores de execución e, por último, a distribución de responsabilidades á hora de materializar o entramado da planificación estratéxica do centro que se expón.

No PEC óptase pola concentración nun número limitado e, en tanto tal, materializable de obxectivos para o período de dous cursos académicos que nos compete. Limitados en número -tres para 4 liñas estratéxicas, o primeiro dos cales é transversal ás LE 1 e 2-, se ben de gran calado, trátase en suma de obxectivos nucleares no eido da educación superior: a mellora da calidade da docencia no que atinxe tanto á xestión da calidade da docencia (LE1), como no que atinxe á coordinación da oferta (LE2). A mellora da participación particularmente do grupo de interese *alumnado* nos órganos de goberno e de xestión do centro, dada a necesidade de fomentar a participación sostida e continuada deste GI nas estruturas de decisión do centro (LE3). En terceiro lugar, a mellora da colaboración coa contorna, a cal atinxe á LE4, relativa á aliñar intereses, especialmente, co GI *egresados e axentes do sector profesional*, todos eles representantes cualificados da contorna social (sociolaboral).

CADRO DE MANDO XERAL DO PEC E CADRO DE SEGUEMENTO

						SEGUEMENTO (2024-2025 / 2025-2026)		
LIÑAS ESTRATÉXICAS CENTRO	Obxectivo estratéxico	Período de execución	Acción	Indicador	Situación inicial /Meta	Data final de execución	Porcentaxe de Execución	Observacións
LE 1. Xestión da calidade da docencia LE 2. Coordinación da oferta académica	OE 1.1./2.1. Mellora da calidade da docencia	2024-25 2025-26	AC 1.1.1./2.1.1. Innovación educativa na formación teórico-práctica mediante a implementación da metodoloxía docente: Aprendizaxe baseada en problemas	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	Enquisa Satisfacción coa docencia recibida. <u>S. inicial</u> : Ítem. Asistencia a clase para comprender (<4)vs Ítem. Utilidade das titorías na aprendizaxe (>4) / <u>Meta</u> : =5	12/26	25%	Comezarse a implantación en 1º curso dos graos 25-26
		2025-26	AC 1.1.2./2.1.2. Implementación da Mención Dual nos títulos	Satisfacción de egresados Satisfacción coa titulación	Enquisa Satisf. egresados <u>S. inicial</u> : Ítem. Formación práctica (<3) Enquisa Satisf. coa titulación. Ítem. Titulación equilibrada teoría e práctica (≤3) <u>Meta</u> : =5	12/26	33%	Comezarse a deseño dos plans de estudos e as negociacións coa sector profesional en 25-26
		2024-25 2025-26	A.C.1.1.3./2.1.3. Elaboración dunha Axenda electrónica no Campus Virtual	Satisfacción coa titulación IN institucional USC: Formación do estudiantado en competencias dixitais	Enquisa Satisf. coa titulación. <u>S. inicial</u> : Ítem. Carga de traballo ben distribuída (≤2) <u>Meta</u> : =5  Meta: 100%	09/25	100%	Axenda operativa a comezos do curso 25-26
LE 3. Participación dos grupos de interese nas estruturas de decisión	OE 3.1. Mellora da participación do alumnado nos órganos de xestión do centro	2024-25 2025-26	A.C.3.1.1. Actualización do Regulamento de Réxime Interno, incorporando ó alumnado na Comisión de mobilidade	Satisfacción dos estudantes saíntes coa mobilidade	Enquisa de satisfacción coa mobilidade. <u>S. inicial</u> : os ítemes relativos á información proporcionada son =3.	12/25	100%	Borrador do novo Regulamento na data sinalada

		2024-25	<p><b>A.C.3.1.2.</b> Promoción de candidaturas a alumnado titor votadas polo estudantado (1º a 3º graos), notificadas no decanato que elevará a proposta a servizos centrais</p>	<p>Participación dos estudantados nos procesos electorais. Incremento do número de prazas de alumnado titor cubertas na convocatoria anual (Resolución reitoral do Programa titores)</p>	<p>Meta 1: aumentar o nº de representantes de alumnos na Comisión de Mobilidade a 2. Incrementar o valor dos ítemes relativos á información proporcionada <math>\geq 4</math>.</p> <p>Convocatoria de alumnado titor. <u>S. Inicial:</u> <math>\leq 3</math> <u>Meta:</u> =8 cubrir a totalidade das prazas ofertadas.</p>	01/26	100%	En outubro-novembro de 2025 eleccións de candidatos a alumnado titor
<p><b>LE 4. Colaboración coa contorna</b></p>	<p><b>OE 4.1.</b> Mellora da colaboración coa contorna</p>	2024-25 2025-26	<p><b>A.C.4.1.1.</b> Regulamentación no Manual do SGC do centro de estrutura, funcións e xuntanzas do Comité Consultivo</p>	<p>Procesos de calidade (IN propio da USC)</p>	<p><u>S. inicial:</u> Só se menciona no Manual SGC a posibilidade de crear un Comité Consultivo. <u>Meta:</u> Fixar un mínimo de 1 reunión anual e de 3 representantes de egresados (1 por cada grao e 1 de máster). Obriga de xerar actas e publicalas na web do centro.</p>	09/2025	100%	Reforma do Manual do SGC no marco do plan de accións de mellora anexo á Memoria de Calidade 2025, que estará operativo tralo Informe Técnico da ACMP, previsiblemente en setembro 25

## 6.2. Liñas estratéxicas 1 e 2

Tal como se indica con anterioridade (epígrafe 4.2. Liñas estratéxicas) as liñas estratéxicas 1 e 2 do presente PEC, concréntanse na xestión da calidade da docencia -a primeira delas- e a coordinación da oferta académica -a segunda.

### 6.2.1. Obxectivo estratéxico 1.1. – 2.2.

Mellora da calidade da docencia: obxectivo que comparten as dúas liñas estratéxicas referidas (1 e 2).

Liñas estratéxicas 1 - 2: Xestión da Calidade da docencia e Coordinación da oferta
Obxectivo estratéxico: Mellora da calidade da docencia
<p style="text-align: center;"><b>Xustificación do obxectivo estratéxico:</b> Considerando a totalidade dos títulos (grao, dobre grao e máster) que ofrece a Facultade de Ciencias da Comunicación, e tomando como referencia os seguintes informes facilitados pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos (USC),</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Informe de Satisfacción do alumnado coa docencia recibida</li> <li>• Informe de Satisfacción dos/as egresados/as dos títulos</li> <li>• Informe de Satisfacción xeral do alumnado coa titulación</li> </ul> <p>Advírtese unha tripla tendencia, polo que se refire á satisfacción do alumnado coa docencia:</p> <p>1º. O alumnado outorga á asistencia a clase de cara á comprensión de contidos, un valor máis modesto que o conferido á axuda recibida en titorías, por parte dos mesmos docentes.</p> <p>2º. A valoración que o alumnado realiza tanto dos docentes, como da formación práctica que reciben, varía substancialmente entre o período no que este permanece nos</p>

<p>títulos, e unha vez que egresa, de xeito que os ítemes que miden a docencia práctica, en particular, inciden negativamente nas valoracións xerais do Informe de Satisfacción dos/as egresados/as dos títulos.</p> <p>3º. Valórase, igualmente, de xeito modesto a organización dos títulos, a distribución da carga de traballo e o equilibrio entre contidos teóricos e prácticos.</p>	
<p><b>Responsables do seguimento:</b> Coordinadores/as dos títulos de grao, dobre grao e máster.</p>	<p><b>Inicio:</b> Febreiro de 2024</p>
	<p><b>Fin:</b> Decembro de 2026</p>
<p><b>Acción 1:</b> Innovación educativa na formación teórico-práctica mediante a implementación da metodoloxía docente Aprendizaxe baseada en problemas.</p>	
<p><b>Responsable de execución:</b> A totalidade do PDI dos títulos con docencia interactiva.</p>	<p><b>Período de execución:</b> Cursos académicos 2024-2025 e 2025-2026.</p>
<p><b>Evidencia documental:</b> Os/as coordinadores/as dos títulos de grao e máster informarán nas respectivas Comisións Académicas, e constará en acta, da incorporación de dita metodoloxía nas ensinanzas teórico-prácticas</p>	<p><b>Indicador:</b> IN46G-IN46M.Satisfacción do alumnado coa docencia recibida.</p>
	<p><b>Meta:</b> No Ítem. Asistencia a clase para comprender, valor obxectivo a acadar: 5/5 (Enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida)</p>
<p><b>Acción 2:</b> Implementación da Mención Dual nos títulos tal como se recolle no <i>Real Decreto 822/2021, de 28 de setembro, por el que se establece la organización de las enseñanzas universitarias y del procedimiento de aseguramiento de su calidad.</i></p>	

<p><u>Responsable de execución:</u> Tódolos integrantes das Comisións Académicas.</p>	<p><u>Período de execución:</u> Curso académico 2025-2026.</p>
<p><u>Evidencia documental:</u> Actas das Comisións Académicas.</p>	<p><u>Indicadores:</u></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Satisfacción de egresados             <ol style="list-style-type: none"> <li>1.1. IN42G. Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación.</li> <li>1.2. Resultados da Enquisa de satisfacción de egresados.</li> </ol> </li> <li>2. Enquisa de satisfacción coa titulación.</li> </ol> <p><u>Meta:</u></p> <p>a. Enquisa de satisfacción de egresados: Ítem. Formación práctica. Valor obxectivo a acadar: 5/5 Ítem. Docentes. Valor obxectivo a acadar: 5</p> <p>b. Enquisa de satisfacción coa titulación: Ítem. A titulación é equilibrada nos contidos teóricos e prácticos. Valor obxectivo a acadar: 5/5</p>
<p><u>Acción 3:</u> Elaboración dunha Axenda electrónica dispoñible a través do Campus Virtual da USC.</p>	



<p><u>Responsable de execución:</u> Delegados/as de curso e coordinadores docentes de curso.</p>	<p><u>Período de execución:</u> Cursos académicos 2024-2025 e 2025-2026.</p>
<p><u>Evidencia documental:</u> Campus virtual e actas das Comisións Académicas nas que os/as coordinadores/as dos títulos informarán sobre activación e funcionamento de dita axenda.</p>	<p><u>Indicadores:</u></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Enquisa de satisfacción coa titulación.</li> <li>2. IN 27 USC. Formación do estudantado en competencias dixitais (PEUSC- Indicadores xerais)</li> <li>3. IN específico USC. Sistemas de apoio á docencia en liña (PEUSC)</li> </ol>
	<p><u>Meta:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Enquisa Satisfacción coa titulación. Ítem. A carga de traballo está ben distribuída. Valor obxectivo a acadar: 5/5</li> <li>• Formación estudantado en competencias dixitais. Valor obxectivo a acadar: 100% (usuarios da axenda electrónica)</li> </ul>

### 6.3. Liña estratéxica 3

Esta liña concrétase na consecución da plena participación de tódolos grupos de interese nas estruturas de decisión do centro.

#### 6.3.1. Obxectivo estratéxico 3.1.

Consonte á terceira liña estratéxica, o obxectivo correspondente concrétase na mellora da participación, en particular, do grupo de interese *alumnado* nos órganos de goberno e de xestión do centro.

Liña estratéxica 3: Participación dos grupos de interese nas estruturas de decisión	
Obxectivo estratéxico: Mellora da participación do alumnado nos órganos de goberno e de xestión do centro	
<p style="text-align: center;"><b>Xustificación do obxectivo estratéxico:</b> A participación do alumnado nos órganos de goberno do centro, algúns dos cales forman parte da estrutura de desenvolvemento do SGC, debe estar garantida nun dobre sentido.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Mediante a designación, a través de sufraxio, dos representantes electos que haberán de ser suficientes en número para ter representación en tódalas comisións do centro. Porén, nalgúns órganos de goberno, como é a Comisión Permanente da Xunta de Facultade, ocasionalmente teñen quedado vacantes os postos correspondentes ó estudantado.</li> <li>Mediante a asistencia continuada ás xuntanzas das citadas comisións. Porén, apréciase a ausencia reiterada dos representantes do alumnado nas xuntanzas das diferentes comisións.</li> <li>Mediante a ocupación de tódalas prazas de alumnado-titor dispoñibles por curso académico e por grao: 4 para o Grao en Xornalismo, 4 para o Grao en Comunicación Audiovisual.</li> </ul>	
	<b>Inicio:</b> Febreiro de 2024

<p><b>Responsables do seguimento:</b> Equipo decanal.</p>	<p><b>Fin:</b> Decembro de 2026</p>
<p><u>Acción 1:</u> Promover a actualización do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Ciencias da Comunicación, incorporando ó grupo de interese alumnado, na Comisión de Mobilidade.</p> <p>Na enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes coa mobilidade, os ítemes relativos á información proporcionada no marco da mobilidade saínte teñen un valor 03. A incorporación de representantes do alumnado á Comisión de Mobilidade do centro, podería subsanar os déficits de información que estudantado puidera apreciar con respecto ao programa de mobilidade saínte do centro.</p>	
<p><u>Responsable de execución:</u> Secretario académico do centro e coordinador RAM.</p>	<p><u>Período de execución:</u> Curso académico 2025-2026.</p>
<p><u>Evidencia documental:</u> Texto do RRI reformado.</p>	<p><u>Indicador:</u> IN15G. Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade.</p> <p><u>Meta:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Incorporar 2 representantes de alumnos/as, un por cada grao na Comisión de Mobilidade.</li> <li>• Informe de satisfacción coa mobilidade saínte. Ítemes: 1. Información dispoñible na web da USC. 2. Información</li> </ul>

	<p>dispoñible na web da universidade escollida. 3. Servizo de Relacións Exteriores. 4. Información sobre as validacións; valor obxectivo a acadar: <math>\geq 4</math>.</p>
<p><b>Acción 2:</b> Promover as candidaturas a alumnado titor ao finalizar o primeiro cuadrimestre, previo ó inicio do período de exames, que serán votadas polo estudiantado de 1º a 3º curso de cada grao e notificadas no decanato do centro.</p>	
<p><b>Responsable de execución:</b>                  Coordinadores académicos de curso.</p>	<p><b>Período de execución:</b>                  Curso académico 2024-2025.</p>
<p><b>Evidencia documental:</b> Actas da Comisión de Calidade onde se recolla a proclamación de candidaturas e, posteriormente, o nomeamento do alumnado-titor.</p>	<p><b>Indicadores:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Participación do estudiantado nos procesos electorais (IN propio da USC).</li> <li>• E por esta vía incrementar o Número de prazas de alumnado-titor cubertas.</li> </ul>
	<p><b>Meta:</b> Acadar 8 alumnos/as titores/as, isto é, a totalidade das prazas cubertas, distribuídos en 4 para o Grao en Xornalismo e 4 para o Grao en Comunicación Audiovisual. Valor</p>

	obxectivo a acadar: 100% (das prazas cubertas)
--	--

#### 6.4. Liña estratéxica 4

Por último, a 4ª liña estratéxica apunta á necesaria colaboración coa contorna, dun centro formador de futuros/as comunicadores/as e, particularmente, informadores/as.

##### 6.4.1. Obxectivo estratéxico 4.1.

A mellora da colaboración coa contorna -obxectivo estratéxico que nos ocupa-, responde á pretensión de manter unha relación centro-contorna viva, dialéctica, cifrada no servizo e na responsabilidade sociocomunicativa.

Liña estratéxica 4: Colaboración coa contorna	
Obxectivo estratéxico: Mellora da colaboración coa contorna	
<p><b>Xustificación do obxectivo estratéxico:</b> Dado que o recentemente creado Comité Consultivo da Facultade de Ciencias da Comunicación, forma parte dos órganos de calidade do centro, é preciso que se insira no ciclo anual de calidade. Para elo, é preciso dotalo dunha estrutura e dinámica de funcionamento no marco do SGC, evitando deste xeito, ademais, que se converta nun órgano inoperante.</p>	
<p><b>Responsables do seguimento:</b> Equipo decanal.</p>	<p><b>Inicio:</b> Febreiro de 2024</p>
	<p><b>Fin:</b> Decembro de 2026</p>
<p><b>Acción 1:</b> Recoller e regulamentar no marco do Manual do SGC do centro, os seguintes aspectos, relativos ó órgano Comité Consultivo:</p>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estrutura: integrantes e frecuencia de renovación, garantindo a presenza de egresados</li> <li>• Funcións concretas e operativas</li> <li>• Frecuencia mínima de xuntanzas</li> </ul> <p>Mecanismos de seguimento e rendición de contas (actas, informes, Memoria de Calidade e Plan de melloras)</p>	
<p><u>Responsable de execución:</u> Responsable de calidade.</p>	<p><u>Período de execución:</u> Cursos académicos 2024-2025 e 2025-2026.</p>
<p><u>Evidencia documental:</u> Texto do Manual do SGC reformado.</p>	<p><u>Indicador:</u> Procesos de calidade (IN propio da USC)</p>
	<p><u>Meta:</u> Incluír os seguintes aspectos no MSGC do Centro:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Comité Consultivo deberá reunirse, como mínimo, 1 vez ao ano, renovar de xeito bienal ós seus membros, incluír 1 representante de egresados de cada título (2 grao e 1 máster), deixará constancia en acta dos seus acordos que se publicará na web do centro, e poderá emitir informes.</li> <li>• Descrición pormenorizada no Manual do SGC do centro (epígrafe 1.3. Órganos de goberno. Comisións), das funcións e integrantes do Comité Consultivo.</li> <li>• Descrición pormenorizada no Manual de Procedementos do centro, no marco do PS-04 Satisfacción, Expectativas e</li> </ul>

	<p>Necesidades, epígrafe 2.                  Desenvolvemento, punto 5.                  Recompilación e exposición de información sobre o grupo de interese Sector Profesional/Empresas, de todas aquelas cuestións concluíntes procedentes da actividade do Comité Consultivo.</p>
--	---

## 7. Desenvolvemento do Plan Estratégico do Centro (PEC)

### 7.1. Comisión de traballo responsable da elaboración do PEC

Reunida a Comisión de Calidade do Centro, o día 10 de novembro de 2023, a proposta da decana procédese a designar aos integrantes da comisión responsable da elaboración do PEC, que serán os seguintes:

- Ana Isabel Rodríguez (Decana)
- Antía López (Vicedecana de calidade)
- Alba Silva (Vicedecana de estudantes, comunicación e comunidade)
- Jorge Vázquez (Secretario académico da Facultade de CC. da Comunicación)
- Enrique Castelló (Coordinador do Grao en Comunicación Audiovisual e do Dobre Grao)
- Xosé López (Coordinador do Grao en Xornalismo)
- Berta García (Coordinadora do Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia)
- José Soengas (Director do Departamento de Ciencias da Comunicación)
- Ramón Blanco (Responsable da Unidade de Xestión)
- Luís Moares (Alumno titor)
- Lucía Nieto (Alumna titora)

Quedando, deste xeito, emprazada a Comisión de Calidade na súa totalidade, a fin de distribuír equitativamente tanto a responsabilidade, como a carga de traballo entre tódolos seus membros. Ademais do cal, quedaban igualmente representados tódolos grupos de interese que identifica o SGC do centro, a

excepción dos empregadores, a quen se reservaba un papel consultivo, tal como se describe a continuación.



## 7.2. Participación dos grupos de interese na elaboración do PEC

Asemade, na mesma reunión da Comisión de Calidade do Centro, do día 10 de novembro de 2023, a instancias novamente da decana e co respaldo da Comisión de Calidade, designáronse os integrantes do grupo de interese empregadores, o cal estaría formado pola totalidade dos membros do Comité Consultivo do Centro. De igual xeito, acordábase que os/as antigos/as decanos/as da Facultade de Ciencias da Comunicación debían ser consultados. A recollida de suxestións tanto do grupo de interese dos empregadores, como de ex-decanos/a, centrábase en dous aspectos do PEC: a avaliación da situación actual e a prospectiva da situación futura da Facultade, así como sobre a definición da Misión-Visión-Valores e a selección de obxectivos estratéxicos.

Con todo, pode afirmarse que o PEC que nos ocupa, é produto da reflexión e dun amplo consenso a propósito das liñas estratéxicas presentes e futuras da Facultade de Ciencias da Comunicación.



## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANA ISABEL RODRIGUEZ VAZQUEZ, DECANO A DA FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACION, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/12/2024 11:46:31.

**CSV:** C767-13D8-4A0D-B574